

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

JOSÉ MARÍA MERINO LOGROU O PRIMEIRO PREMIO

Xabier López López, finalista do Torrente Ballester

O escritor Xabier López López foi o finalista do XVIII premio Torrente Ballester, fallado pola Deputación da Coruña esta mañá, coa novela *Alta comedia*. O xurado do certame de narrativa destacou a recreación que fai o autor, nado en Bergondo en 1974, do ambiente teatral galego. Así mesmo, o presidente do ente provincial, Salvador Fernández Moreda, loou "un texto cheo de destreza literaria, con múltiples homenaxes á literatura universal". Á convocatoria presentáronse 267 traballos, dos que 39 estaban escritos en galego. O gañador do primeiro premio foi o escritor coruñés José María Merino, coa obra en castelán *El lugar sin culpa*, que recibirá 25.000 euros e verá o seu libro publicado nunha editorial de prestixio.

- 17:16 20/11/2006